



BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL, RESOLUCIÓN DO 30 DE MAIO DE 2022, PUBLICADA NO DOG Nº 111 DE 10 DE XUÑO DE 2022

ACTA 3

CRITERIOS SOBRE FORMACIÓN E BAREMO DA MESMA

1. O artigo 12.2.f) das bases da convocatoria establece que se considera incluído na formación específica de posgrao en comercio exterior os seguintes tipos de máster: máster en Comercio Internacional, MBA, máster en Márketing, Márketing Dixital, Márketing (en liña ou similar).
2. O artigo 8.1 das bases establece que: “Acreditación, se é o caso, da formación específica de posgrao en comercio exterior segundo o expresado no artigo 12.2.f): copia do certificado de realización dun curso completo en que conste o número de horas ou créditos do curso. O curso deberá estar finalizado antes da data de presentación da solicitude, agás os másters citados no artigo 12.2.f), que poderán estar finalizados ata o 30 de xullo de 2022 e deberán estar incluídos na solicitude no prazo de 7 días contado desde esa data.”

O COMITÉ DE SELECCIÓN ACORDA

1. Só terán a consideración de máster incluídos na formación específica de posgrao en comercio exterior os citados no artigo 12.2.f), é dicir: os de Comercio Internacional, MBA, máster en Márketing, Márketing Dixital, Márketing (en liña ou similar). Calquera outro máster, debidamente xustificado, terá que ir incluído na formación relacionada coa xestión empresarial sempre e cando a súa temática así o permita. En calquera outro caso non serán baremables.
2. Para a xustificación de calquera formación de posgrao incluída no artigo 12.2.f) e 12.2.g) se considerará válida a presentación do título do curso, certificado de finalización do curso ou pago das taxas necesarias para emisión do título de que se trate.
3. O prazo de 7 días establecido no artigo 8.1 para a xustificación dos máster citados no artigo 12.2.f) cóntase como días hábiles.



4. Un mesmo máster non poderá estar ao mesmo tempo incluído como formación en comercio exterior e formación de xestión empresarial, puntuando en todo caso só na categoría que pola súa natureza lle corresponda, segundo o exposto no punto 1 anterior.

En Santiago de Compostela,

O subdirector do Área de Internacionalización do IGAPE
Leopoldo Yeste Sánchez